

En consecuencia, resulta imprescindible aprobar, mediante lei orgánica complementaria, a reforma necesaria para facer coherente a Lei de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal para o xuízo rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado, coa Lei orgánica do Poder Xudicial.

Artigo primeiro.

1. Dáselle unha nova redacción ó artigo 801 da Lei de axuízamento criminal:

«Artigo 801.

1. Sen prexuízo da aplicación neste procedemento do artigo 787, o acusado poderá presta-la súa conformidade ante o xulgado de garda e dictar esta sentenza de conformidade, remitíndose daquela tódalas actuacións ó xulgado do penal que corresponda para a execución da sentenza, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que non se constituíse acusación particular e o ministerio fiscal solicitase a apertura do xuízo oral e, así acordada polo xuíz de garda, aquel presentase no acto escrito de acusación.

2.º Que os feitos obxecto de acusación fosen cualificados como delito castigado con pena de ata tres anos de prisión, con pena de multa calquera que sexa a súa contía ou con outra pena de distinta natureza que non exceda na súa duración de dez anos.

3.º Que, tratándose de pena privativa de liberdade, a pena solicitada ou a suma das penas solicitadas non supere, reducida nun tercio, os dous anos de prisión.

2. Dentro do ámbito definido no punto anterior, o xulgado de garda realizará o control da conformidade prestada nos termos previstos no artigo 787 e dictará, se é o caso, sentenza de conformidade, na que impondrá a pena solicitada reducida nun tercio, e se a pena imposta for privativa de liberdade, resolverá o procedente sobre a súa suspensión ou substitución.

3. Para acordar, se é o caso, a suspensión da pena privativa de liberdade abundará, para os efectos do disposto no artigo 81.3.^a do Código penal, co compromiso do acusado de satisfacer as responsabilidades civís que se orixinasen no prazo prudencial que o xulgado de garda fixe. Así mesmo, nos casos en que de conformidade co artigo 87.1.1.^a do Código penal sexa necesaria unha certificación suficiente por un centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado de que o acusado se atopa deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin, abundará para aceptar a conformidade e acordar a suspensión da pena privativa de liberdade o compromiso do acusado de obter a dita certificación no prazo prudencial que o xulgado de garda fixe.

4. Se houbese acusador particular na causa, o acusado poderá, no seu escrito de defensa, presta-la súa conformidade coa máis grave das acusacións segundo o previsto nos puntos anteriores.»

2. Introdúcese un novo artigo 823 bis no título V do Libro IV da Lei de axuízamento criminal coa seguinte redacción:

«Artigo 823 bis.

As normas do presente título serán tamén aplicables ó axuízamento dos delitos cometidos a tra-

vés de medios sonoros ou fotográficos, difundidos por escrito, radio, televisión, cinematógrafo ou outros similares.

Os xuíces, ó iniciaren o procedemento, poderán acordar, segundo os casos, o secuestro da publicación ou a prohibición de difundir ou proxectar-lo medio a través do cal se produciu a actividade delictuosa. Contra a dita resolución poderá interperse directamente recurso de apelación, que deberá ser resolvido no prazo de cinco días.»

Artigo segundo.

1. Engádesse un segundo parágrafo á letra a) do artigo 87 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, coa seguinte redacción:

«Correspóndelle así mesmo dictar sentenza de conformidade coa acusación nos casos establecidos pola lei.»

2. O punto 1 do artigo 482 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, queda redactado como segue:

«1. Poderanse cubrir en réxime de provisión temporal as secretarías vacantes ou que resulten desertas en concursos de traslado, sempre que non puidesen atenderse adecuadamente mediante o mecanismo ordinario de substitución, ou os seus titulares estean en situación de licencia por enfermidade de longa duración ou excedencia por coitado de fillo menor.

Por real decreto regularase o procedemento de selección e nomeamento dos secretarios xudiciais substitutos.»

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

20823 *LEI 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, sobre procedemento para o axuízamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado.* («BOE» 258, do 28-10-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei é froito destacado do espírito de consenso que anima o Pacto de Estado para a reforma da xustiza.

u

Entre os moitos obxectivos deste pacto está o de que unha futura Lei de axuízamento criminal consiga «a axilización dos procedementos, a mellora dos procedementos abreviados, o axuízamento inmediato dos delitos menos graves e flagrantes, e a simplificación de trámites nas grandes causas». Este obxectivo non admite demora e debe ser acometido con prontitude a través dunha reforma parcial da actual Lei de axuízamento criminal. Trátase de afondar na vía aberta polo que na linguaxe forense e ata na linguaxe coloquial se coñecen como «xuízos rápidos», dando lugar nalgúns casos a unha xustiza realmente inmediata.

En efecto, en determinados supostos, a tramitación dos procesos penais prolóngase no tempo moito máis do que resulta necesario e aconsellable; e esta dilación é fonte de certas situacións que teñen xerado nos últimos tempos unha notable preocupación social: os atrasos na substanciación dos procesos penais son aproveitados en ocasións polos imputados para pórse fóra do alcance da autoridade xudicial e, sobre todo, para reiterar conductas delictuosas, o que xera unha impresión xeneralizada de aparente impunidade e de indefensión da cidadanía ante certo tipo de delitos. A inmediatez e aceleración na resposta estatal ante a delincuencia é, sen dúbida, unha peza clave para evita-los fenómenos antes descritos e permitir que a xustiza penal cumpra algún dos fins que ten asignados. Esta é a finalidade primordial que persegue esta reforma parcial.

Esta lei parte da experiencia acumulada coas precedentes medidas lexislativas que trataron de obter este resultado. Así, as reformas da Lei de axuízamento criminal realizadas pola Lei 10/1992, do 30 de abril, de medidas urxentes de reforma procesual, e pola Lei orgánica 2/1998, do 15 de xuño, de modificación do Código penal, e da Lei de axuízamento criminal, supuxeron a introducción e o perfeccionamento, respectivamente, do chamado sistema de «xuízos rápidos», a través de certas especialidades do procedemento abreviado concibidas para accelera-las instrucións e os xuízos orais.

O certo é que na práctica a eficacia dos denominados «xuízos rápidos» foi moi desigual, o que debe en boa parte atribuírse á configuración e limitacións legais: a súa regulación como diversas especialidades dentro do procedemento abreviado tipo e non como un procedemento especial; a ausencia de prazos máximos da actividade preparatoria e instructora, así como para a celebración de xuízo oral cando, ó contrario, para este último se fixa un prazo mínimo de dez días; a marxinación dos principios de concentración e oralidade; a insuficiente concreción das circunstancias e os delitos que poderían dar lugar á incoación deste procedemento, algunhas limitacións impostas á policía xudicial, etc. De aí que se considere necesaria unha reforma legal que regule máis detalladamente os mecanismos de aceleración dos procesos por delitos e que ó tempo cree novos expedientes procesuais de aceleración da xustiza penal. Esta nova regulación legal, que irá acompañada dos recursos humanos e dos medios materiais necesarios, nace con vocación de producir un xiro nos hábitos da nosa Administración de xustiza, na percepción que ten a cidadanía respecto da lentitude da persecución penal e na aparente impunidade dos delinquentes.

Para alcanzar esta finalidade incorpóranse á Lei de axuízamento criminal as seguintes novidades, coas razóns que brevemente se expoñen.

II

En primeiro lugar, créase un proceso especial para o axuízamento rápido de determinados delitos, que en certos casos permite o axuízamento inmediato destes. O ámbito de aplicación deste novo proceso especial —ó

que se aplican supletoriamente as normas do procedemento abreviado— determínase consonte criterios que serven de claro indicio, segundo máximas da experiencia, de que será posible na práctica unha substanciación do proceso en tempos moito máis reducidos cós ata agora habituais. Trátase en todo caso de feitos punibles en que a policía xudicial detivo unha persoa e a puxo á disposición do xulgado de garda ou en que, aínda sen detela, a citou para comparecer ante o xulgado de garda por te-la calidade de denunciado no atestado policial. Son, polo tanto, supostos en que houbo detención policial ou citación policial para comparecer ante o xulgado de garda. Ademais, a carón do anterior, dentro do xenérico ámbito de aplicación do procedemento abreviado, este procedemento especial queda circunscrito na súa aplicación en virtude das tres seguintes circunstancias, calquera das cales funda a súa aplicación.

En primeiro termo, que se trate de delitos flagrantes, entendendo por tales aqueles en que non hai solución de continuidade entre a comisión do feito punible e a actuación policial que conduce á detención ou á citación.

En segundo termo, que se trate dalgún dos delitos comprendidos nun elenco taxado, no que se inclúen feitos nos que a investigación ha de resultar en principio sinxela, aínda non sendo flagrantes, ou feitos con especial incidencia na seguridade cidadá, ou que repugnan gravemente á conciencia social, como é o caso dos supostos de violencia doméstica.

En terceiro termo, que se trate de feitos punibles en que se aprecie, con independencia das circunstancias anteriores, facilidade instructora, é dicir, en que as circunstancias do caso permitan presumir que a investigación será sinxela e que, polo tanto, poderá terminarse en breve prazo.

A xenuína e máis importante aceleración destes procesos rápidos —aínda que non a única— é a que debe darse no tempo que transcorre desde a incoación do proceso penal ata a celebración do xuízo oral, sen prexuízo de que tamén este, así como a emisión da sentenza e a tramitación dos eventuais recursos, se realicen con rapidez. Para estes efectos, a peza clave do novo procedemento consiste nunha instrucción concentrada ante o xulgado de garda: toda a fase de instrucción e de preparación do xuízo oral ten que ser realizada en brevísimos prazos ante o órgano xudicial. Este proceso, se ben terá especial impacto nas grandes cidades, está pensado para que poida e deba ser aplicado en tódolos partidos xudiciais de España, con independencia do seu tamaño e do seu índice de delincuencia.

A experiencia cotiá de moitos xulgados de instrucción mostra que un amplo número de conductas aparentemente delictuosas é susceptible dunha investigación relativamente sinxela: son poucas, e de práctica escasamente complicada, as dilixencias trala realización das cales pode decidirse se procede o sobresemento ou ben a celebración dun xuízo oral. Para que se poida levar a cabo esta concentración das actuacións ante o xulgado de garda, a lei procesual ten que facer determinadas previsións como, entre outras, o reforzamento das funcións da policía xudicial, o aseguramento da presenza de tódolos afectados no servizo de garda ou a participación activa do ministerio fiscal, o cal cobra un destacado protagonismo e, polo tanto, asumirá, xunto cos xulgados de instrucción, unha particular responsabilidade na eficacia da reforma. Por outro lado, nos casos nos que a instrucción concentrada aboca á celebración do xuízo oral, a rapidez do sistema depende da coordinación entre o xulgado de garda e o órgano axuízador.

III

Resulta imprescindible que a creación deste proceso especial vaia acompañada dunha reforma do procede-

mento abreviado. Tras máis de trece anos de vixencia, non son poucos os aspectos do procedemento abreviado —polo que se canalizan na actualidade a investigación e o axuizamento da inmensa maioría dos feitos delictuosos— en que a xurisprudencia constitucional e ordinaria, a práctica dos nosos tribunais e a doutrina detectaron problemas para os que non debe demorarse a solución. Ademais, dada a aplicación supletoria das normas do procedemento abreviado ó proceso especial que se crea, hai aspectos dos chamados «xuízos rápidos» que non serían eficaces sen as ditas modificacións. Isto non significa que unha futura reforma global do noso axuizamento criminal non deba incidir en moitas outras institucións.

As reformas que se introducen no procedemento abreviado son de moitos tipos. Nuns casos, trátase de modificacións simplemente sistemáticas ou de redacción, coma no caso de que o ministerio fiscal solicite o sobresemento e non estivesen constituídos como parte os ofendidos polo delito como prexudicados exercentes da acusación particular, traspóndose, para tal fin, ó procedemento abreviado a previsión, xa existente no procedemento ordinario, de facerse saber a pretensión do ministerio fiscal ós ditos interesados no exercicio da acción penal. Noutros casos, trátase de cambios de maior ou menor calado no seu contido. Así, por exemplo, entre outros moitos, a regulación dos recursos ou o réxime da conformidade. Sobre este último punto, cómpre destacar que, para permitir un razoable e mesurado sistema de conformidade do acusado coa pena solicitada no mesmo xulgado de garda, resulta necesario reformar en certos aspectos o marco xurídico da conformidade no procedemento abreviado.

IV

Outra importante premisa desta reforma é que a aceleración da xustiza penal non pode abranguer só a investigación e o axuizamento dos delitos, senón que é de todo punto necesario que comprenda tamén o axuizamento inmediato das faltas, a incidencia das cales na seguridade cidadá é notablemente relevante (furtos e danos en bens públicos ou privados de ata cincuenta mil pesetas, lesións que requiran simplemente unha primeira asistencia facultativa, etc.). Esta lei reforma determinados artigos da regulación do xuízo de faltas para permitir que, en non poucos casos, o dito xuízo se celebre ante o propio xulgado de garda en poucas horas, incluso en menos de vinte e catro, desde que este teña noticia do feito e que, de non ser posible este xuízo inmediato, o órgano de garda proceda á citación das partes para que o xuízo se celebre nun breve prazo.

Artigo primeiro.

Dáselle unha nova redacción ó título II do libro IV da Lei de axuizamento criminal.

«TÍTULO II

Do procedemento abreviado

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 757.

Sen prexuízo do establecido para os procesos especiais, o procedemento regulado neste título aplicarase ó axuizamento dos delitos castigados con pena privativa de liberdade non superior a nove

anos, ou ben con outras penas de distinta natureza ben sexan únicas, conxuntas ou alternativas, calquera que sexa a súa contía ou duración.

Artigo 758.

O axuizamento dos delitos enumerados no artigo anterior acomodarse ás normas comúns desta lei, coas modificacións consignadas neste título.

Artigo 759.

Nas causas comprendidas neste título, as cuestións de competencia que se promovan entre xulgados e tribunais da xurisdicción ordinaria substanciaranse segundo as regras seguintes:

1.^a Cando un tribunal ou xulgado rexeite o coñecemento dunha causa ou reclame o coñecemento da que outro tiver, e haxa dúbida acerca de cál deles é o competente, se non resulta acordo á primeira comunicación que con tal motivo se dirixan, porán o feito, sen dilación, en coñecemento do superior xerárquico, por medio de exposición razoada, para que o dito superior, tras oí-lo fiscal e as partes constituídas, en comparecencia que se celebrará dentro das vinte e catro horas seguintes, decida no acto o que estime procedente, sen ulterior recurso.

Cando a cuestión xurda na fase de instrucción, cada un dos xulgados continuará practicando as dilixencias urxentes e absolutamente indispensables para a comprobación do delito e pescuda e identificación dos posibles culpables.

2.^a Ningún xuíz de instrucción, do penal, ou central de instrucción ou do penal, poderá promover cuestións de competencia ás Audiencias respectivas, senón exporlles, oído o ministerio fiscal polo prazo dun día, as razóns que teña para crer que lle corresponde o coñecemento do asunto.

O tribunal dará vista da exposición e antecedentes ó ministerio fiscal e ás partes comparecidas polo prazo de dous días e, logo de oídos todos, sen máis trámites, resolverá dentro do terceiro día o que estime procedente, comunicando esta resolución ó xulgado que a expuxese para o seu cumprimento.

3.^a Cando algún xuíz de instrucción, do penal, ou central de instrucción ou do penal, viñer entendendo de causa atribuída á competencia das Audiencias respectivas limitaranse estas a ordenar a aquel, oídos o ministerio fiscal e as partes comparecidas polo prazo de dous días, que se absteña de coñecer e lles remita as actuacións.

Artigo 760.

Iniciado un proceso de acordo coas normas deste título, en canto apareza que o feito non está comprendido nalgún dos supostos do artigo 757, continuarase conforme as disposicións xerais desta lei, sen retroceder no procedemento máis que no caso de que resulte necesario practicar dilixencias ou realizar actuacións de acordo cos ditos preceptos legais. Polo contrario, iniciado un proceso conforme as normas comúns desta lei, continuará a súa substanciación de acordo coas deste título en canto conste que o feito xulgado está comprendido nalgún dos supostos do artigo 757. En ámbolos casos o cambio de procedemento non implicará o de instructor.

Iniciado un proceso conforme as normas desta lei, en canto apareza que o feito podería constituír

u

un delito do que o axuízamento sexa competencia do tribunal do xurado, aplicarase o disposto no artigo 309 bis.

Acordado o procedemento que deba seguirse, faráselle saber inmediatamente ó ministerio fiscal, ó imputado e ás partes comparecidas.

Artigo 761.

1. O exercicio por particulares, sexan ou non ofendidos polo delito, da acción penal ou da civil derivada deste deberá efectuarse na forma e cos requisitos sinalados no título II do libro II, expresando a acción que se exercite.

2. Sen prexuízo do que se dispón no punto anterior, o ofendido ou prexudicado polo delito será instruído dos dereitos que o asisten conforme o disposto nos artigos 109 e 110 e demais disposicións, podendo mostrarse parte na causa sen necesidade de formular querela.

Artigo 762.

Os xuíces e tribunais observarán na tramitación das causas a que se refire este título as seguintes regras:

1.^a O xuíz ou tribunal que ordene a práctica de calquera dilixencia entenderase directamente co xuíz, tribunal, autoridade ou funcionario encargado da súa realización aínda que o mesmo non lle estea inmediatamente subordinado nin sexa superior inmediato daqueles.

2.^a Para cursa-los despachos que se expidan utilizarase sempre o medio máis rápido, acreditando por dilixencia as peticións de auxilio que non se solicitasen por escrito.

3.^a Se o que tiver que ser citado non tiver domicilio coñecido ou non for achado pola policía xudicial no prazo sinalado a esta, o xuíz ou tribunal mandará publica-la correspondente cédula polo medio que estime máis idóneo para que poida chegar a coñecemento do interesado, e só cando o considere indispensable acordará a súa divulgación polos medios de comunicación social.

4.^a As requisitorias que teñan que expedirse inseriranse no ficheiro automatizado correspondente das forzas e corpos de seguridade e, cando se considere oportuno, nos medios de comunicación escrita.

5.^a A todo escrito e ós documentos que se presenten na causa xuntaránselles tantas copias literais deles, realizadas por calquera medio de reprodución, cantas sexan as outras partes e o fiscal, ós que se lles entregarán ó lles notifica-la resolución que recaese no escrito respectivo.

A omisión das copias só dará lugar ó seu libramiento polo secretario á custa do omitente, se este non as presenta no prazo dunha audiencia.

6.^a Para axuíza-los delitos conexos comprendidos neste título, cando existan elementos para facelo con independencia, e para xulgar a cada un dos imputados, cando sexan varios, o xuíz poderá acorda-la formación das pezas separadas que resulten convenientes para simplificar e activa-lo procedemento.

7.^a Nas declaracións indicarse o documento nacional de identidade das persoas que as presten, salvo que se trate de axentes da autoridade, neste caso abundará a cita do número de carné profesional. Cando por tal circunstancia ou por calquera outra non ofrecer dúbida a identidade do imputado e coñecidamente tiver a idade de dezaioito anos,

prescindirase de traer á causa o certificado de nacemento. Noutro caso, unirase este certificado e a correspondente ficha dactiloscópica. Non se demorará a conclusión da instrución por falta do certificado de nacemento, sen prexuízo de que cando se reciba se achegue ás actuacións.

8.^a Cando os imputados ou testemuñas non falaren ou non entenderen o idioma español, procederase de conformidade co disposto nos artigos 398, 440 e 441, sen que sexa preciso que o intérprete designado teña título oficial.

9.^a A información prevista no artigo 364 só se verificará cando a xuízo do instructor houberse dúbida acerca da preexistencia da cousa obxecto da subtracción ou defraudación.

10.^a Os informes e declaracións a que se refiren os artigos 377 e 378 unicamente se pedirán e recibirán cando o xuíz os considere imprescindibles.

11.^a Cando os feitos axuízados deriven do uso e circulación de vehículos de motor, indícarase tamén, na primeira declaración que presten os condutores, os permisos de conducir destes e de circulación daqueles e o certificado do seguro obrigatorio, así como o documento acreditativo da súa vixencia. Tamén se indicará o certificado do seguro obrigatorio e o documento que acredite a súa vixencia naqueles outros casos en que a actividade estea cuberta por igual clase de seguro.

Artigo 763.

O xuíz ou tribunal poderá acorda-la detención ou calquera medida privativa de liberdade ou restrictiva de dereitos nos casos en que procedan conforme as regras xerais desta lei. As actuacións que motiven a aplicación destas medidas conteranse en peza separada.

Artigo 764.

1. Así mesmo, o xuíz ou tribunal poderá adoptar medidas cautelares para o aseguramento das responsabilidades pecuniarias, incluídas as custas. Tales medidas acordaranse mediante auto e formalizaranse en peza separada.

2. Para estes efectos aplicaranse as normas sobre contido, orzamentos e caución substitutoria das medidas cautelares establecidas na Lei de axuízamento civil. A prestación das caucións que se acorden farase na forma prevista na Lei de axuízamento civil e poderá ser realizada pola entidade en que teña asegurada a responsabilidade civil a persoa contra quen se dirixa a medida.

3. Nos supostos en que as responsabilidades civís estean total ou parcialmente cubertas por un seguro obrigatorio de responsabilidade civil, requirirase á entidade aseguradora ou ó Consorcio de Compensación de Seguros, se é o caso, para que, ata o límite do seguro obrigatorio, afiance aquelas. De a fianza esixida ser superior ó expresado límite, o responsable directo ou subsidiario ficará obrigado a prestar fianza ou aval pola diferenza, procedéndose noutro caso ó embargo dos seus bens.

A entidade responsable do seguro obrigatorio non poderá, en tal concepto, ser parte do proceso, sen prexuízo do seu dereito de defensa en relación coa obriga de afianzar, para o cal se lle admitirá o escrito que presentase, resolvéndose sobre a súa pretensión na peza correspondente.

4. Poderase acorda-la intervención inmediata do vehículo e a retención do permiso de circulación

deste, polo tempo indispensable, cando for necesario practicar algunha investigación naquel ou para asegura-las responsabilidades pecuniarias, en tanto non conste acreditada a solvencia do imputado ou do terceiro responsable civil.

Tamén poderá acordarse a intervención do permiso de condución requirindo o imputado para que se absteña de conducir vehículos de motor, en tanto subsista a medida, coa prevención do disposto no artigo 556 do Código penal.

As medidas anteriores, unha vez adoptadas, levarán consigo a retirada dos documentos respectivos e a súa comunicación ós organismos administrativos correspondentes.

Artigo 765.

1. Nos procesos relativos a feitos derivados do uso e circulación de vehículos de motor o xuíz ou tribunal poderá sinalar e ordena-lo pagamento da pensión provisional que, segundo as circunstancias, considere necesaria en contía e duración para atender a vítima e as persoas que estiveren ó seu cargo. O pagamento da pensión farase anticipadamente nas datas que discrecionalmente sinala o xuíz ou tribunal, a cargo do asegurador, de existir, e ata o límite do seguro obrigatorio, ou ben con cargo á fianza ou ó Consorcio de Compensación de Seguros, nos supostos de responsabilidade civil deste, conforme as disposicións que lle son propias. Igual medida poderá acordarse cando a responsabilidade civil derivada do feito estea garantida con calquera seguro obrigatorio. Todo o relacionado con esta medida se actuará en peza separada. A interposición de recursos non suspenderá a obriga de pagamento da pensión.

2. Nos procesos relativos a feitos derivados do uso e circulación de vehículos de motor o xuíz ou tribunal poderá autorizar, coa previa audiencia do fiscal, ós imputados que non estean en situación de prisión preventiva e que teñan o seu domicilio ou residencia habitual no estranxeiro, para ausentarse do territorio español. Para isto será indispensable que deixen suficientemente garantidas as responsabilidades pecuniarias de toda orde derivadas do feito punible, designen persoa con domicilio fixo en España que reciba as notificacións, citacións e emprazamentos que houber que facerlles, coa prevención contida no artigo 775 en canto á posibilidade de celebra-lo xuízo na súa ausencia, e que presten caución non persoal, cando non estea xa acordada fianza da mesma clase, para garanti-la liberdade provisional e a súa presentación na data ou prazo que se lles sinala. Igual atribución e coas mesmas condicións corresponderá ó xuíz ou tribunal que teña que coñecer da causa. Se o imputado non comparecer, adxudicaráselle ó Estado o importe da caución e será declarado en rebeldía, observándose o disposto no artigo 843, salvo que se cumpran os requisitos legais para celebra-lo xuízo na súa ausencia.

Artigo 766.

1. Contra os autos do xuíz de instrución e do xuíz do penal que non estean exceptuados de recurso poderán exercerse o de reforma e o de apelación. Salvo que a lei dispoña outra cousa, os recursos de reforma e apelación non suspenderán o curso do procedemento.

2. O recurso de apelación poderá interperse subsidiariamente co de reforma ou por separado.

En ningún caso será necesario interpor previamente o de reforma para presenta-la apelación.

3. O recurso de apelación presentarase dentro dos cinco días seguintes á notificación do auto obxecto de recurso ou do resolutorio do recurso de reforma, mediante escrito no que se exporán os motivos do recurso, se sinalarán os particulares que teñan que testemuñarse e ó que se xuntarán, se é o caso, os documentos xustificativos das peticións formuladas. Admitido este, daráselles traslado ás demais partes comparecidas por un prazo común de cinco días para que poidan alegar por escrito o que estimen conveniente, sinalar outros particulares que deban ser testemuñados e presenta-los documentos xustificativos das súas pretensións. Nos dous días seguintes á finalización do prazo, remitirase testemuño dos particulares sinalados á Audiencia respectiva, que, sen máis trámites, resolverá dentro dos cinco días seguintes. Excepcionalmente, a Audiencia poderá reclama-las actuacións para a súa consulta sempre que con isto non se obstaculice a tramitación daquelas; nestes casos, deberán devolverse as actuacións ó xuíz no prazo máximo de tres días.

4. Se o recurso de apelación se interpuxese subsidiariamente co de reforma, se este resulta total ou parcialmente desestimatorio, antes de dar traslado ás demais partes comparecidas, daráselle traslado ó recorrente por un prazo de cinco días para que formule alegacións e poida presentar, se é o caso, os documentos xustificativos das súas peticións.

5. Se no auto contra o que se recorreu en apelación se acordase a prisión provisional dalgún dos imputados, respecto do dito pronunciamento poderá o apelante solicitar no escrito de interposición do recurso a celebración de vista, que acordará a Audiencia respectiva. Cando o auto obxecto de recurso conteña outros pronunciamentos sobre medidas cautelares, a Audiencia poderá acordar a celebración de vista se o estima conveniente. A vista deberá celebrarse dentro dos dez días seguintes á recepción da causa na dita Audiencia.

Artigo 767.

Desde a detención ou desde que das actuacións resultar a imputación dun delito contra persoa determinada será necesaria a asistencia letrada. A policía xudicial, o ministerio fiscal ou a autoridade xudicial solicitarán de inmediato do colexio de avogados a designación dun avogado de oficio, de non o ter nomeado xa o interesado.

Artigo 768.

O avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a representación do seu defendido, non sendo necesaria a intervención de procurador ata o trámite de apertura do xuízo oral. Ata entón cumprirá o avogado o deber de sinalamento de domicilio para efectos de notificacións e traslados de documentos.

CAPÍTULO II

Das actuacións da policía xudicial e do ministerio fiscal

Artigo 769.

Sen prexuízo do establecido no título III do libro II desta lei, tan pronto como teña coñecemento dun

u

feito que revista caracteres de delicto, a policía xudicial observará as regras establecidas neste capítulo.

Artigo 770.

A policía xudicial acudirá de inmediato ó lugar dos feitos e realizará as seguintes dilixencias:

1.^a Requirirá a presenza de calquera facultativo ou persoal sanitario que for achado para prestar, se for necesario, os oportunos auxilios ó ofendido. O requirido, aínda que só o fose verbalmente, que non atenda sen xusta causa o requirimento será sancionado cunha multa de 500 a 5.000 euros, sen prexuízo da responsabilidade criminal en que puidese incorrer.

2.^a Xuntará á acta de constancia fotografías ou calquera outro soporte magnético ou de reprodución da imaxe, cando sexa pertinente para o esclarecemento do feito punible e exista risco de desaparición das súas fontes de proba.

3.^a Recollerá e custodiará en todo caso os efectos, instrumentos ou probas do delicto dos que houber perigo de desaparición, para pólos á disposición da autoridade xudicial.

4.^a De se ter producido a morte dalgunha persoa e o cadáver se achar na vía pública, na vía férrea ou noutro lugar de tránsito, trasladarao ó lugar próximo que resulte máis idóneo dentro das circunstancias, restablecendo o servizo interrompido e dando conta de inmediato á autoridade xudicial. Nas situacións excepcionais en que teña que adoptarse tal medida de urxencia, citarase previamente a posición do interfecto, obténdose fotografías e sinalando sobre o lugar a situación exacta que ocupaba.

5.^a Tomará os datos persoais e o enderezo das persoas que se encontren no lugar en que se comeceu o feito, así como calquera outro dato que axude á súa identificación e localización, tales como lugar habitual de traballo, números de teléfono fixo ou móbil, número de fax ou enderezo de correo electrónico.

6.^a Intervirá, de resultar procedente, o vehículo e reterá o permiso de circulación deste e o permiso de conducir da persoa á que se lle impute o feito.

Artigo 771.

No tempo imprescindible e, en todo caso, durante o tempo da detención, se a houber, a policía xudicial practica as seguintes dilixencias:

1.^a Cumprirá cos deberes de información ás vítimas que prevé a lexislación vixente. En particular, informará ó ofendido e ó prexudicado polo delicto de forma escrita dos dereitos que os asisten de acordo co establecido nos artigos 109 e 110. Instruirase ó ofendido do seu dereito a mostrarse parte na causa sen necesidade de formular querela e, tanto ó ofendido como ó prexudicado, do seu dereito a nomearen avogado ou instaren o nomeamento de avogado de oficio en caso de seren titulares do dereito á asistencia xurídica gratuíta, do seu dereito a, unha vez constituídos como parte na causa, tomaren coñecemento do actuado, sen prexuízo do disposto nos artigos 301 e 302, e instaren o que ó seu dereito conveña. Así mesmo, informaráselles de que, de non se constituíren como parte na causa e non faceren renuncia nin reserva de accións civís, o ministerio fiscal as exercerá se corresponder.

2.^a Informará na forma máis comprensible ó imputado non detido de cáles son os feitos que se lle atribúen e dos dereitos que o asisten. En particular, instruirao dos dereitos recoñecidos nas alíneas a), b), c) e e) do artigo 520.2.

Artigo 772.

1. Os membros da policía xudicial requirirán o auxilio doutros membros das forzas e corpos de seguridade cando for necesario para o desempeño das funcións que por esta lei se lles encomendan.

2. A policía estenderá o atestado de acordo coas normas xerais desta lei e entregaráo ó xulgado competente, porá á súa disposición os detidos, se os houber, e remitirá copia ó ministerio fiscal.

Artigo 773.

1. O fiscal constituirase nas actuacións para o exercicio das accións penal e civil conforme a lei. Velará polo respecto das garantías procesuais do imputado e pola protección dos dereitos da vítima e dos prexudicados polo delicto.

Neste procedemento correspóndelle ó ministerio fiscal, de maneira especial, impulsar e simplificar a súa tramitación sen mingua do dereito de defensa das partes e do carácter contradictorio deste, dándolle á policía xudicial instrucións xerais ou particulares para o máis eficaz cumprimento das súas funcións, intervindo nas actuacións, achegando os medios de proba de que poida dispor ou solicitando do xuíz de instrución a súa práctica, así como instar desta a adopción de medidas cautelares ou o seu levantamento e a conclusión da investigación tan pronto como estime que se practicaron as actuacións necesarias para resolver sobre o exercicio da acción penal.

O fiscal xeral do Estado impartirá cantas ordes e instrucións estime convenientes respecto á actuación do fiscal neste procedemento, e en especial, respecto á aplicación do disposto no punto 1 do artigo 780.

Tan pronto como se ordene a incoación do procedemento para as causas ante o tribunal do xurado, porase en coñecemento do ministerio fiscal, quen comparecerá e intervirá en cantas actuacións se leven a cabo ante aquel.

2. Cando o ministerio fiscal teña noticia dun feito aparentemente delictuoso, ben directamente ou por serlle presentada unha denuncia ou atestado, practica el mesmo ou ordenaralle á policía xudicial que practique as dilixencias que estime pertinentes para a comprobación do feito ou da responsabilidade dos partícipes nel. O fiscal decretará o arquivo das actuacións cando o feito non revista os caracteres de delicto, comunicándollo con expresión desta circunstancia a quen alegase ser prexudicado ou ofendido, co fin de que poida reiterar a súa denuncia ante o xuíz de instrución. Noutro caso instará do xuíz de instrución a incoación do procedemento que corresponda con remisión do actuado, pondo á súa disposición o detido, se o houber, e os efectos do delicto.

O ministerio fiscal poderá facer comparecer ante si a calquera persoa nos termos establecidos na lei para a citación xudicial, co fin de recibirlle declaración, na cal se observarán as mesmas garantías sinaladas nesta lei para a prestada ante o xuíz ou tribunal.

O fiscal cesará nas súas dilixencias tan pronto como teña coñecemento da existencia dun procedemento xudicial sobre os mesmos feitos.

CAPÍTULO III

Das dilixencias previas

Artigo 774.

Tódalas actuacións xudiciais relativas a delitos dos comprendidos neste título rexistraranse como dilixencias previas e seralles de aplicación o disposto nos artigos 301 e 302.

Artigo 775.

Na primeira comparecencia o xuíz informará o imputado, na forma máis comprensible, dos feitos que se lle imputan. Previamente, o secretario informará dos seus dereitos e requirirá para que designe un domicilio en España no que se farán as notificacións, ou unha persoa que as reciba no seu nome, coa advertencia de que a citación realizada no dito domicilio ou á persoa designada permitirá a celebración do xuízo na súa ausencia nos supostos previstos no artigo 786.

Tanto antes coma despois de prestar declaración permitiráselle entrevistarse reservadamente co seu avogado, sen prexuízo do establecido na alínea c) do artigo 527.

Artigo 776.

1. Na primeira comparecencia o secretario xudicial informará o ofendido e o prexudicado dos seus dereitos, nos termos previstos nos artigos 109 e 110, incluso aínda que previamente o fíxese a policía xudicial. En particular, instruirase das medidas de asistencia ás vítimas que prevé a lexislación vixente e dos dereitos mencionados na regra 1.^a do artigo 771.

2. A imposibilidade de practicar esta información pola policía xudicial e polo xuíz en comparecencia non impedirá a continuación do procedemento, sen prexuízo de que se proceda a realizala polo medio máis rápido posible.

3. Os que se presentaren como parte poderán desde entón tomar coñecemento do actuado e instar a práctica de dilixencias e canto ó seu dereito conveña, acordando o xuíz o procedente para a práctica destas dilixencias.

Artigo 777.

1. O xuíz ordenaralle á policía xudicial ou practicar por si mesma as dilixencias necesarias encamiñadas a determina-la natureza e circunstancias do feito, as persoas que nel participaron e o órgano competente para o axuízamento, dando conta ó ministerio fiscal da súa incoación e dos feitos que a determinen. Empregaranse para iso os medios comúns e ordinarios que establece esta lei, coas modificacións establecidas neste título.

2. Cando, por razón do lugar de residencia dunha testemuña ou vítima, ou por outro motivo, for de temer razoablemente que unha proba non poderá practicarse no xuízo oral, ou puidese motiva-la súa suspensión, o xuíz de instrucción practicará inmediatamente, asegurando en todo caso a posibilidade de contradicción das partes.

Esta dilixencia deberá documentarse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou por medio de acta autorizada polo secretario xudicial, con expresión dos intervenientes.

Para efectos da súa valoración como proba en sentenza, a parte a quen interese deberá instar no

xuízo oral a reprodución da gravación ou a lectura literal da dilixencia, nos termos do artigo 730.

Artigo 778.

1. O informe pericial poderá ser prestado só por un perito cando o xuíz o considere suficiente.

2. Nos casos de lesións non será preciso esperar á sanidade do lesionado cando fose procedente o arquivo ou o sobresemento. En calquera outro suposto poderá proseguirse a tramitación sen se ter alcanzado tal sanidade, se fose posible formular escrito de acusación.

3. O xuíz poderá acordar, cando o considere necesario, que o médico forense ou outro perito proceda á obtención de mostras ou vestixios dos que a análise puidese facilita-la mellor cualificación do feito, acreditándose nas dilixencias a súa remisión ó laboratorio correspondente, que enviará o resultado no prazo que se lle sinale.

4. O xuíz poderá acordar que non se practique a autopsia cando o médico forense ou quen faga as súas veces dictaminen cumpridamente a causa e as circunstancias relevantes da morte sen necesidade daquela.

5. O xuíz poderá ordenar que se preste a asistencia debida ós feridos, enfermos e calquera outra persoa que con motivo ou ocasión dos feitos necesite asistencia facultativa, facendo constar, se é o caso, o lugar do seu tratamento, internamento ou hospitalización.

Artigo 779.

1. Practicadas sen demora as dilixencias pertinentes, o xuíz adoptará mediante auto algunha das seguintes resolucións:

1.^a De estimar que o feito non é constitutivo de infracción penal ou que non aparece suficientemente xustificada a súa perpetración, acordará o sobresemento que corresponda notificando esta resolución a quen puidese causar prexuízo, aínda que non se mostrase parte na causa. Se, aínda estimando que o feito pode ser constitutivo de delito, non houber autor coñecido, acordará o sobresemento provisional e ordenará o arquivo.

2.^a De reputar falta o feito que deu lugar á formación das dilixencias, mandará remiti-lo actuado ó xuíz competente, cando non lle corresponda o seu axuízamento.

3.^a De o feito estar atribuído á xurisdicción militar, inhibirase a favor do órgano competente. Se tódolos imputados fosen menores de idade penal, darase traslado do actuado ó fiscal de menores para que inicie os trámites da Lei de responsabilidade penal do menor.

4.^a De o feito constituír delito comprendido no artigo 757, seguirá o procedemento ordenado no capítulo seguinte. Esta decisión, que conterá a determinación dos feitos punibles e a identificación da persoa á que se lle imputan, non poderá adoptarse sen ter tomado declaración a aquela nos termos previstos no artigo 775.

5.^a Se, en calquera momento anterior, o imputado asistido do seu avogado recoñeceu os feitos en presenza xudicial, e estes fosen constitutivos de delito castigado con pena incluída dentro dos límites previstos no artigo 801, mandará convocar inmediatamente ó ministerio fiscal e ás partes comparecidas co fin de que manifesten se formulan escrito de acusación coa conformidade do acusado.

u

En caso afirmativo, incoará dilixencias urxentes e ordenará a continuación das actuacións polos trámites previstos nos artigos 800 e 801.

2. Nos tres primeiros supostos, se non houber membro do ministerio fiscal constituído no xulgado, nin tiveren interposto recurso as partes, remitiranse as dilixencias ó fiscal da Audiencia, o que, dentro dos tres días seguintes á súa recepción, as devolverá ó xulgado co escrito de interposición do recurso ou coa fórmula de "visto", procedéndose seguidamente neste caso á execución do resolto.

CAPÍTULO IV

Da preparación do xuízo oral

Artigo 780.

1. Se o xuíz de instrucción acordar que debe seguirse o trámite establecido neste capítulo, na mesma resolución ordenará que se dea traslado das dilixencias previas, orixinais ou mediante fotocopia, ó ministerio fiscal e ás acusacións comparecidas, para que, no prazo común de dez días, soliciten a apertura do xuízo oral formulando escrito de acusación ou o sobresemento da causa ou, excepcionalmente, a práctica de dilixencias complementarias, no caso do punto seguinte.

2. Cando o ministerio fiscal manifeste a imposibilidade de formular escrito de acusación por falta de elementos esenciais para a tipificación dos feitos, poderase instar, con carácter previo, a práctica daquelas dilixencias indispensables para formular acusación, caso en que o xuíz acordará o solicitado.

O xuíz acordará o que estime procedente cando tal solicitude sexa formulada pola acusación ou acusacións comparecidas.

En todo caso citarase para a súa práctica ó ministerio fiscal, ás partes comparecidas e sempre ó imputado, dándose logo novo traslado das actuacións.

Artigo 781.

1. O escrito de acusación comprenderá, ademais da solicitude de apertura do xuízo oral ante o órgano que se estime competente e da identificación da persoa ou persoas contra as que se dirixe a acusación, os extremos a que se refire o artigo 650. A acusación estenderase ás faltas imputables ó acusado do delito ou a outras persoas, cando a comisión da falta ou a súa proba estivese relacionada co delito. Tamén se expresarán a contía das indemnizacións ou se fixarán as bases para a súa determinación e as persoas civilmente responsables, así como os demais pronunciamentos sobre entrega e destino de cousas e efectos e imposición de custas procesuais.

No mesmo escrito proporanse as probas das que se solicite a práctica no xuízo oral, expresando se a reclamación de documentos ou as citacións de peritos e testemuñas deben realizarse por medio da oficina xudicial.

No escrito de acusación poderase solicita-la práctica anticipada daquelas probas que non poidan levarse a cabo durante as sesións do xuízo oral, así como a adopción, modificación ou suspensión das medidas a que se refiren os artigos 763, 764 e 765, ou calquera outra que resulte procedente ou se adoptase, así como a cancelación das toma-

das fronte a persoas contra as que non se dirixa acusación.

2. O ministerio fiscal, logo de información ó seu superior xerárquico, e as acusacións comparecidas poderán solicitar xustificadamente a prórroga do prazo establecido no artigo anterior. O xuíz de instrucción, atendidas as circunstancias, poderá acorda-la prórroga do dito prazo por un máximo doutros dez días.

3. Se o ministerio fiscal non presentar o seu escrito no prazo establecido no artigo anterior, o xuíz de instrucción requirirá o superior xerárquico do fiscal actuante, para que no prazo de dez días presente o escrito que proceda, dando razón dos motivos da súa falta de presentación en prazo.

Artigo 782.

1. De o ministerio fiscal e o acusador particular solicitaren o sobresemento da causa por calquera dos motivos que prevén os artigos 637 e 641, acordará o xuíz, excepto nos supostos dos números 1.º, 2.º, 3.º, 5.º e 6.º do artigo 20 do Código penal, en que devolverá as actuacións ás acusacións para cualificación, continuando o xuízo ata sentenza, para os efectos da imposición de medidas de seguridade e do axuizamento da acción civil, nos supostos previstos no Código penal.

O acorda-lo sobresemento, o xuíz de instrucción deixará sen efecto a prisión e demais medidas cautelares acordadas.

2. Se o ministerio fiscal solicitar o sobresemento da causa e non se tiver constituído como parte nela acusador particular disposto a soste-la acusación, antes de acorda-lo sobresemento o xuíz de instrucción:

a) Poderá acordar que se lles faga sabe-la pretensión do ministerio fiscal ós directamente ofendidos ou prexudicados coñecidos, non comparecidos, para que dentro do prazo máximo de quince días comparezan a defende-la súa acción se o consideran oportuno. De non o faceren no prazo fixado, acordarase o sobresemento solicitado polo ministerio fiscal, sen prexuízo do disposto na alínea seguinte.

b) Poderá remiti-la causa ó superior xerárquico do fiscal para que resolva se procede ou non soste-la acusación, quen comunicará a súa decisión ó xuíz de instrucción no prazo de dez días.

Artigo 783.

1. Solicitada a apertura do xuízo oral polo ministerio fiscal ou a acusación particular, o xuíz de instrucción acordará, salvo se estimar que concorre o suposto do número 2 do artigo 637 ou que non existen indicios racionais de criminalidade contra o acusado; neste caso acordará o sobresemento que corresponda conforme os artigos 637 e 641.

Cando o xuíz de instrucción decrete a apertura do xuízo oral só por instancia do ministerio fiscal ou da acusación particular, daráselle novo traslado a quen solicitou o sobresemento por un prazo de tres días para que formule escrito de acusación, agás que renunciase a iso.

2. O acorda-la apertura do xuízo oral, o xuíz de instrucción resolverá sobre a adopción, modificación, suspensión ou revogación das medidas solicitadas polo ministerio fiscal ou a acusación particular, tanto en relación co acusado como respecto

dos responsables civís, ós que, se é o caso, esixirá fianza, se non a prestase o acusado no prazo que se lle sinala, así como sobre o alzamento das medidas adoptadas fronte ós que non fosen acusados.

No mesmo auto o xuíz de instrucción sinalará o órgano competente para o coñecemento e sentenza da causa.

3. Contra o auto que acorde a apertura do xuízo oral non se dará ningún recurso, excepto no relativo á situación persoal, podendo o acusado reproducir ante o órgano de axuizamento as peticións non atendidas.

Artigo 784.

1. Aberto o xuízo oral, emprazarase o imputado, con entrega de copia dos escritos de acusación, para que no prazo de tres días compareza na causa con avogado que o defenda e procurador que o represente. Se non exercitase o seu dereito a designar procurador ou a solicitar un de oficio, nomearáselle en todo caso procurador de oficio. Cumprido ese trámite, darase traslado das actuacións orixinais, ou mediante fotocopia, ós designados como acusados e terceiros responsables nos escritos de acusación, para que en prazo común de dez días presenten escrito de defensa fronte ás acusacións formuladas.

Se a defensa non presentase o seu escrito no prazo sinalado, entenderase que se opón ás acusacións e seguirá o seu curso o procedemento, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrerse de acordo co previsto no título V do libro V da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Unha vez precluído o trámite para presenta-lo seu escrito, a defensa só poderá propo-la proba que achegue no acto do xuízo oral para a súa práctica nel, sen prexuízo de que, ademais, poida solicitar previamente que se libren as comunicacións necesarias, sempre que o faga con antelación suficiente respecto da data sinalada para o xuízo, e do previsto no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 785. Todo isto enténdese sen prexuízo de que se os afectados consideran que se produciu indefensión poidan aducir de acordo co previsto no punto 2 do artigo 786.

2. No escrito de defensa poderase solicitar do órgano xudicial que reclame a remisión de documentos ou cite a peritos ou testemuñas, para os efectos da práctica da correspondente proba nas sesións do xuízo oral ou, se é o caso, da práctica de proba anticipada.

3. No seu escrito, asinado tamén polo acusado, a defensa poderá manifesta-la súa conformidade coa acusación nos termos previstos no artigo 787.

Esta conformidade poderá ser tamén prestada co novo escrito de cualificación que conxuntamente asinen as partes acusadoras e o acusado xunto co seu letrado, en calquera momento anterior á celebración das sesións do xuízo oral, sen prexuízo do disposto no artigo 787.1.

4. Se, aberto o xuízo oral, os acusados se acharen en paradoiro ignorado e non tiveren feito a designación de domicilio a que se refire o artigo 775 e, en calquera caso, se a pena solicitada exceder dos límites establecidos no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 786, mandarase expedir requisitoria para o seu chamamento e busca, declarándoos rebeldes, se non compareceren ou non foren achados, cos efectos previstos nesta lei.

5. Presentado o escrito de defensa ou transcorrido o prazo para facelo, o secretario xudicial acordará remiti-lo actuado ó órgano competente para o axuizamento, notificándollelo ás partes, salvo cando o axuizamento corresponda ó xuíz do penal e este se desprazase periodicamente á sede do xulgado instructor para a celebración dos xuízos procedentes del; neste caso permanecerán as actuacións no xulgado á disposición do xuíz do penal.

CAPÍTULO V

Do xuízo oral e da sentenza

Artigo 785.

1. En canto as actuacións se encontraren á disposición do órgano competente para o axuizamento, o xuíz ou tribunal examinará as probas propostas e inmediatamente dictará auto admitindo as que considere pertinentes e rexeitando as demais, previrá o necesario para a práctica da proba anticipada e sinalará o día en que deban comezar as sesións do xuízo oral. Nesa resolución ordenarase o libramento das comunicacións que sexan necesarias para asegura-la práctica das probas que sexan propostas e admitidas, cando así o tiveren solicitado as partes.

Contra os autos de admisión ou inadmisión de probas non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que a parte á que lle foi denegada poida reproducir-la súa petición ó inicio das sesións do xuízo oral, momento ata o cal poderán incorporarse á causa os informes, certificacións e demais documentos que o ministerio fiscal e as partes estimen oportuno e o xuíz ou tribunal admitan.

2. O sinalamento de data para o xuízo farase tendo en conta a prisión do acusado e o aseguramento da súa presenza á disposición xudicial, a complexidade da proba proposta ou calquera circunstancia significativa.

3. En todo caso, aínda que non sexa parte no proceso nin deba intervir, a vítima deberá ser informada por escrito da data e lugar de celebración do xuízo.

Artigo 786.

1. A celebración do xuízo oral require preceptivamente a asistencia do acusado e do avogado defensor. Non obstante, se houber varios acusados e algún deles deixa de comparecer sen motivo lexítimo, apreciado polo xuíz ou tribunal, poderá este acordar, oídas as partes, a continuación do xuízo para os restantes.

A ausencia inxustificada do acusado que fose citado persoalmente, ou no domicilio ou na persoa a que se refire o artigo 775, non será causa de suspensión do xuízo oral se o xuíz ou tribunal, por solicitude do ministerio fiscal ou da parte acusadora, e oída a defensa, estima que existen elementos suficientes para o axuizamento, cando a pena solicitada non exceda de dous anos de privación de liberdade ou, se fose de distinta natureza, cando a súa duración non exceda de seis anos.

A ausencia inxustificada do terceiro responsable civil citado en debida forma non será por si mesma causa de suspensión do xuízo.

2. O xuízo oral comezará coa lectura polo secretario dos escritos de acusación e defensa. Segui-

u

damente, por instancia de parte, o xuíz ou tribunal abrirá unha quenda de intervencións para que poidan as partes expo-lo que estimen oportuno acerca da competencia do órgano xudicial, vulneración dalgún dereito fundamental, existencia de artigos de previo pronunciamento, causas da suspensión do xuízo oral, nulidade de actuacións, así como sobre o contido e finalidade das probas propostas ou que se propoñan para practicarse no acto. O xuíz ou tribunal resolverá no mesmo acto o procedente sobre as cuestións formuladas. Fronte á decisión adoptada non caberá ningún recurso, sen prexuízo da pertinente protesta e de que a cuestión poida ser reproducida, se é o caso, no recurso fronte á sentenza.

Artigo 787.

1. Antes de iniciarse a práctica da proba, a defensa, coa conformidade do acusado presente, poderá pedir ó xuíz ou tribunal que proceda a dictar sentenza de conformidade co escrito de acusación que conteña pena de maior gravidade, ou co que se presentase nese acto, que non poderá referirse a feito distinto, nin conter cualificación máis grave cá do escrito de acusación anterior. Se a pena non exceder de seis anos de prisión, o xuíz ou tribunal dictará sentenza de conformidade coa manifestada pola defensa, se concorren os requisitos establecidos nos puntos seguintes.

2. Se a partir da descrición dos feitos aceptada por tódalas partes, o xuíz ou tribunal entender que a cualificación aceptada é correcta e que a pena é procedente segundo esta cualificación, dictará sentenza de conformidade. O xuíz ou tribunal terá oído en todo caso o acusado acerca de se a súa conformidade foi prestada libremente e con coñecemento das súas consecuencias.

3. En caso de que o xuíz ou tribunal considere incorrecta a cualificación formulada ou entenda que a pena solicitada non procede legalmente, requirirá á parte que presentou o escrito de acusación máis grave para que manifeste se se ratifica ou non nel. Só cando a parte requirida modificar o seu escrito de acusación en termos tales que a cualificación sexa correcta e a pena solicitada sexa procedente e o acusado preste de novo a súa conformidade, poderá o xuíz ou tribunal dictar sentenza de conformidade. Noutro caso, ordenará a continuación do xuízo.

4. Unha vez que a defensa manifeste a súa conformidade, o secretario informará o acusado das súas consecuencias e a continuación o xuíz ou presidente do tribunal requirirao co fin de que manifeste se presta a súa conformidade. Cando o xuíz ou tribunal albergue dúbidas sobre se o acusado prestou libremente a súa conformidade, acordará a continuación do xuízo.

Tamén poderá ordena-la continuación do xuízo cando, non obstante a conformidade do acusado, o seu defensor o considere necesario e o xuíz ou tribunal estime fundada a súa petición.

5. Non vinculan ó xuíz ou tribunal as conformidades sobre a adopción de medidas protectoras nos casos de limitación da responsabilidade penal.

6. Serán susceptibles de recurso as sentencias de conformidade cando non respectasen os requisitos ou termos da conformidade, se ben o acusado non poderá impugnar por razóns de fondo a súa conformidade libremente prestada.

Artigo 788.

1. A práctica da proba realizarase concentradamente, nas sesións consecutivas que sexan necesarias. Excepcionalmente, poderá acorda-lo xuíz ou o tribunal a suspensión ou adiamento da sesión, ata o límite máximo de trinta días, nos supostos do artigo 746, conservando a súa validez os actos realizados, salvo que se produza a substitución do xuíz ou membro do tribunal no caso do número 4.º do dito artigo.

Non será causa de suspensión do xuízo a falta de acreditación da sanidade, da taxación de danos ou da verificación doutra circunstancia de análoga significación, sempre que non sexa requisito imprescindible para a cualificación dos feitos. En tal caso, a determinación cuantitativa da responsabilidade civil quedará diferida ó trámite de execución, fixándose na sentenza as bases dela.

2. O informe pericial poderá ser prestado só por un perito.

3. Rematada a práctica da proba, o xuíz ou o presidente do tribunal requirirá á acusación e á defensa para que manifesten se ratifican ou modifican as conclusións dos escritos inicialmente presentados e para que expoñan oralmente canto estimen procedente sobre a valoración da proba e a cualificación xurídica dos feitos.

O requirimento poderá estenderse a solicitar do ministerio fiscal e dos letrados un maior esclarecemento de feitos concretos da proba e a valoración xurídica dos feitos, someténdolles a debate unha ou varias preguntas sobre puntos determinados.

4. Cando, nas súas conclusións definitivas, a acusación cambie a tipificación penal dos feitos ou se aprecien un maior grao de participación ou de execución ou circunstancias de agravación da pena, o xuíz ou tribunal poderá considerar un adiamento da sesión, ata o límite de dez días, a petición da defensa, co fin de que esta poida preparar adecuadamente as súas alegacións e, se é o caso, achega-los elementos probatorios e de descargo que estime convenientes. Trala práctica dunha nova proba que poida solicita-la defensa, as partes acusadoras poderán, pola súa vez, modifica-las súas conclusións definitivas.

5. Cando tódalas acusacións cualifiquen os feitos como delitos castigados con pena que exceda da competencia do xuíz do penal, declararase este incompetente para vulgar, dará por terminado o xuízo e remitirá as actuacións á Audiencia competente. Fóra do suposto anterior, o xuíz do penal resolverá o que estime pertinente acerca da continuación ou finalización do xuízo, pero en ningún caso poderá impor unha pena superior á correspondente á súa competencia.

6. Do desenvolvemento do xuízo oral levántase acta que asinarán o xuíz ou o presidente e maxistrados, o secretario, o fiscal e os avogados da acusación e a defensa, citándose nela o contido esencial da proba practicada, as incidencias e reclamacións producidas e as resolucións adoptadas, podendo completarse ou substituírse por calquera medio de reprodución mecánica, oral ou escrita, da autenticidade da cal dará fe o secretario.

Artigo 789.

1. A sentenza dictarase dentro dos cinco días seguintes á finalización do xuízo oral.

2. O xuíz do penal poderá dictar sentenza oralmente no acto do xuízo, documentándose a decisión e unha breve motivación mediante a fe do secretario ou en anexo á acta, sen prexuízo da ulterior redacción daquela. Se o fiscal e as partes, coñecida a sentenza, expresasen a súa decisión de non interpor recurso, o xuíz, no mesmo acto, declarará a firmeza da sentenza, e pronunciarase, logo de audiencia das partes, sobre a suspensión ou a substitución da pena imposta.

3. A sentenza non poderá impor pena máis grave da solicitada polas acusacións, nin condenar por delicto distinto cando este comporte unha diversidade de ben xurídico protexido ou mutación substancial do feito axuizado, salvo que algunha das acusacións asumise a formulación previamente exposta polo xuíz ou tribunal dentro do trámite previsto no parágrafo segundo do artigo 788.3.

4. A sentenza notificarase por escrito ós ofendidos e prexudicados polo delicto, aínda que non se mostrasen parte na causa.

CAPÍTULO VI

Da impugnación da sentenza

Artigo 790.

1. Contra a sentenza dictada polo xuíz do penal poderase apelar ante a Audiencia Provincial correspondente, e contra a do xuíz central do penal, ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional. O recurso poderá ser interposto por calquera das partes, dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lles notifique a sentenza. Durante este período estarán as actuacións en secretaría á disposición das partes.

2. O escrito de formalización do recurso presentarse ante o órgano que dictou a resolución que se impugne, e nel exporanse, ordenadamente, as alegacións sobre quebrantamento das normas e garantías procesuais, erro na apreciación das probas ou infracción de normas do ordenamento xurídico nas que se basee a impugnación. O recorrente tamén deberá fixar un domicilio para notificacións no lugar onde teña a súa sede a Audiencia.

Se no recurso se pedise a declaración de nulidade do xuízo por infracción de normas ou garantías procesuais que causasen a indefensión do recorrente, en termos tales que non poida ser emendada na segunda instancia, citaranse as normas legais ou constitucionais que se consideren infrinxidas e expresaranse as razóns da indefensión. Así mesmo, deberá acreditarse que se pediu a emenda da falta ou infracción na primeira instancia, salvo no caso de se teren cometido nun momento no que fose xa imposible a reclamación.

3. No mesmo escrito de formalización o recorrente poderá pedi-la práctica das dilixencias de proba que non puido propor na primeira instancia, das propostas que lle foron indebidamente denegadas, sempre que formulase no seu momento a oportuna protesta, e das admitidas que non foron practicadas por causas que non lle sexan imputables.

4. Recibido o escrito de formalización, o xuíz, se reúne os requisitos esixidos, admitirá o recurso. En caso de apreciarse a concorrencia dalgún defecto emendable, concederalle ó recorrente un prazo non superior a tres días para a emenda.

5. Admitido o recurso, darase traslado do escrito de formalización ás demais partes por un prazo común de dez días. Dentro deste prazo deberán presentarse os escritos de alegacións das demais partes, nos que poderá solicitarse a práctica de proba nos termos establecidos no punto 3 e nos que se fixará un domicilio para notificacións.

6. Presentados os escritos de alegacións ou precluído o prazo para facelo, o secretario, nos dous días seguintes, dará traslado de cada un deles ás demais partes e elevará á Audiencia os autos orixinais con tódolos escritos presentados.

Artigo 791.

1. Se os escritos de formalización ou de alegacións conteñen proposición de proba, a Audiencia resolverá en tres días sobre a admisión da proposta e, no mesmo acto, sinalará día para a vista. Tamén poderá celebrarse vista cando, de oficio ou por petición de parte, a estime o tribunal necesaria para a correcta formación dunha convicción fundada.

2. A vista sinalarase dentro dos quince días seguintes e a ela serán citadas tódalas partes. A vítima deberá ser informada, aínda que non se mostre parte nin sexa necesaria a súa intervención.

A vista celebrarase empezando, se é o caso, pola práctica da proba. A seguir, as partes resumirán oralmente o seu resultado e o fundamento das súas pretensións.

Artigo 792.

1. A sentenza de apelación dictarase dentro dos cinco días seguintes á vista oral, ou dentro dos dez días seguintes á recepción das actuacións pola Audiencia, cando non resultase procedente a súa celebración.

2. Cando a sentenza apelada sexa anulada por quebrantamento dunha forma esencial do procedemento, o tribunal, sen entrar no fondo da sentenza, ordenará que se repoña o procedemento ó estado en que se encontraba no momento de cometerse a falta, sen prexuízo de que conserven a súa validez todos aqueles actos o contido dos cales sería idéntico non obstante a falta cometida.

3. Contra a sentenza dictada en apelación non caberá ningún recurso, sen prexuízo do establecido respecto da revisión de sentencias firmes e do previsto no artigo seguinte para a impugnación de sentencias firmes dictadas en ausencia do acusado. Os autos devolveranse ó xulgado para efectos de execución da sentenza.

4. A sentenza notificaráselles ós ofendidos e prexudicados polo delicto, aínda que non se mostrasen parte na causa.

Artigo 793.

1. En calquera momento en que compareza ou sexa achado o que fose condenado en ausencia conforme o disposto no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 786, seralle notificada a sentenza dictada en primeira instancia ou en apelación para efectos de cumprimento da pena aínda non prescrita. Ó notificárselle a sentenza faráselle sabe-lo seu dereito a interpo-lo recurso a que se refire o punto seguinte, con indicación do prazo para isto e do órgano competente.

2. Contra a sentenza dictada en ausencia, fose ou non apelada, poderá recorrer en anulación o condenado no mesmo prazo e con iguais requisitos e efectos que os establecidos no recurso de ape-

ó

lación. O prazo contarase desde o momento en que se acredite que o condenado tivo coñecemento da sentenza.

CAPÍTULO VII

Da execución de sentencias

Artigo 794.

Tan pronto como sexa firme a sentenza, procederase á súa execución polo xuíz ou pola Audiencia que a dictase, conforme as disposicións xerais da lei, observándose as seguintes regras:

1.^a De non terse fixado na sentenza a contía indemnizatoria, calquera das partes poderá instar, durante a execución da sentenza, a práctica das probas que estime oportunas para a súa precisa determinación. Desta pretensión daráselles traslado ás demais para que, no prazo común de dez días, pidan por escrito o que ó seu dereito conveña. O xuíz ou tribunal rexeitará a práctica de probas que non se refiran ás bases fixadas na sentenza.

Practicada a proba, e oídas as partes por un prazo común de cinco días, fixarase mediante auto, nos cinco días seguintes, a contía da responsabilidade civil. Contra o auto dictado polo xuíz do penal poderase apelar ante a Audiencia respectiva.

2.^a Nos casos en que se impuxese a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, procederase á inmediata retirada do permiso e licenza habilitante, se tal medida non estivese xa acordada, deixando unido o documento ós autos e remitindo mandamento á Xefatura Central de Tráfico para que o deixe sen efecto e non expida outro novo ata a extinción da condena.»

Artigo segundo.

Dáselle unha nova redacción ó título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal.

«TÍTULO III

Do procedemento para o axuízamento rápido de determinados delitos

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 795.

1. Sen prexuízo do establecido para os demais procesos especiais, o procedemento regulado neste título aplicarase á instrución e ó axuízamento de delitos castigados con pena privativa de liberdade que non exceda de cinco anos, ou con calquera outra pena, ben sexa única, conxunta ou alternativa, sempre que a duración non exceda de dez anos, calquera que sexa a súa contía, sempre que o proceso penal se incoe en virtude dun atestado policial e que a policía xudicial detivese a unha persoa e a puxese á disposición do xulgado de garda ou que, aínda sen detela, a citase para comparecer perante o xulgado de garda por te-la calidade de denunciado

no atestado policial e, ademais, concorran calquera das circunstancias seguintes:

1.^a Que se trate de delitos flagrantes. Para estes efectos, considerarase delito flagrante o que se estivese cometendo ou se acabase de cometer cando o delincente sexa sorprendido no acto. Entenderase sorprendido no acto non só ó delincente que for detido no momento de estar cometendo o delito, senón tamén o detido ou perseguido inmediatamente despois de cometelo, se a persecución durar ou non se suspender mentres o delincente non se poña fóra do inmediato alcance dos que o perseguen. Tamén se considerará delincente en flagrante aquel a quen se sorprenden inmediatamente despois de cometido un delito con efectos, instrumentos ou vestixios que permitan presumir a súa participación nel.

2.^a Que se trate dalgún dos seguintes delitos:

a) Delitos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos contra as persoas a que se refire o artigo 153 do Código penal.

b) Delitos de furto.

c) Delitos de roubo.

d) Delitos de furto e roubo de uso de vehículos.

e) Delitos contra a seguridade do tráfico.

3.^a Que se trate dun feito punible do que se presuma que a instrución será sinxela.

2. O procedemento regulado neste título non será de aplicación á investigación e axuízamento daqueles delitos que fosen conexos con outro ou outros delitos non comprendidos no punto anterior.

3. Non se aplicará este procedemento naqueles casos en que sexa procedente acordalo segredo das actuacións conforme o establecido no artigo 302.

4. En todo o non previsto expresamente neste título aplicaranse supletoriamente as normas do título II deste mesmo libro, relativas ó procedemento abreviado.

CAPÍTULO II

Das actuacións da policía xudicial

Artigo 796.

1. Sen prexuízo de canto se establece no título III do libro II e das previsións do capítulo II do título II deste libro, a policía xudicial deberá practicar no tempo imprescindible e, en todo caso, durante o tempo da detención, as seguintes dilixencias:

1.^a Sen prexuízo de solicita-los auxilios a que se refire o ordinal 1.^a do artigo 770, solicitará do facultativo ou do persoal sanitario que atender o ofendido copia do informe relativo á asistencia prestada para a súa unión ó atestado policial. Así mesmo, solicitará a presenza do médico forense cando a persoa que tiver que ser recoñecida non puidese desprazarse ó xulgado de garda dentro do prazo previsto no artigo 799.

2.^a Informará á persoa á que se lle atribúa o feito, aínda no caso de non procederse á súa detención, do dereito que a asiste de comparecer ante o xulgado de garda asistida de avogado. Se o interesado non manifestar expresamente a súa vontade

de comparecer asistido de avogado, a policía xudicial solicitará do colexio de avogados a designación dun letrado de oficio.

3.^a Citará a persoa que resulte denunciada no atestado policial para comparecer no xulgado de garda no día e hora que se lle sinale, cando non se procedese á súa detención. O citado será apercibido das consecuencias de non comparecer á citación policial ante o xulgado de garda.

4.^a Citará tamén as testemuñas, os ofendidos e prexudicados para que comparezan no xulgado de garda no día e hora que se lles indique. As testemuñas serán apercibidas das consecuencias de non compareceren á citación policial no xulgado de garda.

5.^a Citará para o mesmo día e hora ás entidades a que se refire o artigo 117 do Código penal, no caso de que conste a súa identidade.

6.^a Remitiralle ó Instituto de Toxicoloxía, ó Instituto de Medicina Legal ou ó laboratorio correspondente as substancias aprehendidas das que resulte pertinente a súa análise. Estas entidades procederán de inmediato á análise solicitada e remitirán o resultado ó xulgado de garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora en que se citasen as persoas indicadas nas regras anteriores. Se non fose posible a remisión da análise no dito prazo, a policía xudicial poderá practicar por si mesma a dita análise, sen prexuízo do seu debido control xudicial.

7.^a A práctica dos controis de alcoholemia axustarase ó establecido na lexislación de seguridade vial. Non obstante, cando se practique unha análise de sangue ou outra análoga, requirirase o persoal sanitario que o realice para que remita o resultado ó xulgado de garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora da citación a que se refiren as regras anteriores.

8.^a De non ser posible a remisión ó xulgado de garda dalgún obxecto que deba ser taxado, solicitarase inmediatamente a presenza do perito ou servizo correspondente para que o examine e emita informe pericial. Este informe poderá ser emitido oralmente ante o xulgado de garda.

2. Para a realización das citacións a que se refire o punto anterior, a policía xudicial fixará o día e a hora da comparecencia coordinadamente co xulgado de garda. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do Poder Xudicial, dictará os regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos xulgados de instrucción en relación coa práctica destas citacións, coordinadamente coa policía xudicial.

3. Se a urxencia o requirir, as citacións poderán facerse por calquera medio de comunicación, incluso verbalmente, sen prexuízo de deixar constancia do seu contido na pertinente acta.

CAPÍTULO III

Das dilixencias urxentes perante o xulgado de garda

Artigo 797.

1. O xulgado de garda, tras recibi-lo atestado policial, xunto cos obxectos, instrumentos e probas

que, se é o caso, o acompañen, incoará, se procede, dilixencias urxentes. Sen prexuízo das demais funcións que ten encomendadas, practicará, cando resulten pertinentes, as seguintes dilixencias, na orde que considere máis conveniente ou aconsellen as circunstancias, coa participación activa do ministerio fiscal:

1.^a Solicitará polo medio máis rápido os antecedentes penais do detido ou persoa imputada.

2.^a Se for necesario para a cualificación xurídica dos feitos imputados:

a) Solicitará, de non telos recibido, os informes periciais solicitados pola policía xudicial.

b) Ordenará, cando resulte pertinente e proporcionado, que o médico forense, se non o fixo con anterioridade, examine as persoas que comparecesen a presenza xudicial e emita o correspondente informe pericial.

c) Ordenará a práctica por un perito da taxación de bens ou obxectos aprehendidos ou intervidos e postos á disposición xudicial, se non se fixo con anterioridade.

3.^a Tomará declaración ó detido posto á disposición xudicial ou á persoa que, resultando imputada polos termos do atestado, comparecese á citación policial, nos termos previstos no artigo 775. Ante a falta de comparecencia do imputado á citación policial ante o xulgado de garda, poderá este aplica-lo previsto no artigo 487.

4.^a Tomará declaración ás testemuñas citadas pola policía xudicial que comparecesen. Ante a falta de comparecencia de calquera testemuña á citación policial ante o xulgado de garda, poderá este aplica-lo previsto no artigo 420.

5.^a Levará a cabo as informacións previstas no artigo 776.

6.^a Practicará o recoñecemento en rolda do imputado, de resultar pertinente e ter comparecido a testemuña.

7.^a Ordenará, de consideralo necesario, o acareo entre testemuñas, entre testemuñas e imputados ou imputados entre si.

8.^a Ordenará a citación, incluso verbal, das persoas que considere necesario que comparezan ante el.

9.^a Ordenará a práctica de calquera dilixencia pertinente que poida levarse a cabo no acto ou dentro do prazo establecido no artigo 799.

2. Cando, por razón do lugar de residencia dunha testemuña ou vítima ou por outro motivo, for de temer razoablemente que unha proba non poderá practicarse no xuízo oral, ou puidese motivala súa suspensión, o xuíz de garda practicaráa inmediatamente, asegurando, en todo caso, a posibilidade de contradicción das partes.

Esta dilixencia deberá documentarse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou por medio de acta autorizada polo secretario xudicial, con expresión dos intervenientes.

Para efectos da súa valoración como proba en sentenza, a parte a quen interese deberá instar no xuízo oral a reprodución da gravación ou a lectura literal da dilixencia, nos termos do artigo 730.

Artigo 798.

1. A seguir, o xuíz oirá ás partes comparecidas e ó ministerio fiscal sobre cál das resolucións pre-

vistas no punto seguinte procede adoptar. Ademais, as partes acusadoras e o ministerio fiscal poderán solicitar calquera medida cautelar fronte ó imputado ou, se é o caso, fronte ó responsable civil, sen prexuízo das que se puidesen ter adoptado anteriormente.

2. O xuíz de garda dictará resolución con algún destes contidos:

1.º No caso de que considere suficientes as dilixencias practicadas, dictará auto en forma oral, que deberá documentarse e non será susceptible de ningún recurso, ordenando segui-lo procedemento do capítulo seguinte, agás que estime procedente algunha das decisións previstas nos tres primeiros ordinais do punto 1 do artigo 779, caso en que dictará auto.

2.º No caso de que considere insuficientes as dilixencias practicadas, ordenará que o procedemento continúe como dilixencias previas do procedemento abreviado. O xuíz deberá sinalar motivadamente cales son as dilixencias a práctica das cales resulta necesaria para concluí-la instrucción da causa ou as circunstancias que o fan imposible.

3. Cando o xuíz de garda dicte o auto acordando algunha das decisións previas nos tres primeiros ordinais do punto 1 do artigo 779, nel acordará o que proceda sobre a adopción de medidas cautelares fronte ó imputado e, se é o caso, fronte ó responsable civil. Fronte ó pronunciamento do xuíz sobre medidas cautelares, caberán os recursos previstos no artigo 766. Cando o xuíz de garda dicte auto en forma oral ordenando a continuación do procedemento, sobre a adopción de medidas cautelares aplicarase o disposto no punto 1 do artigo 800.

4. Así mesmo, ordenará, se procede, a devolución de obxectos intervidos.

Artigo 799.

1. As dilixencias e resolucións sinaladas nos artigos anteriores deberán ser practicadas e adoptadas durante o servizo de garda do xulgado de instrucción.

2. Non obstante o disposto, naqueles partidos xudiciais en que o servizo de garda non sexa permanente e teña unha duración superior a vinte e catro horas, o prazo establecido no punto anterior poderá ser prorrogado polo xuíz por un período adicional de setenta e dúas horas naquelas actuacións nas que o atestado se recibise dentro das corenta e oito anteriores á finalización do servizo de garda.

CAPÍTULO IV

Da preparación do xuízo oral

Artigo 800.

1. Cando o xuíz de garda acordase continuar este procedemento, no mesmo acto oír á o ministerio fiscal e ás partes comparecidas para que se pronuncien sobre se procede a apertura do xuízo oral ou o sobreseimento e para que, se é o caso, soliciten ou se ratifiquen no solicitado respecto da adopción de medidas cautelares. En todo caso, se o ministerio fiscal e o acusador particular, se o houber, solicitaren o sobreseimento, o xuíz procederá conforme o previsto no artigo 782. Cando o minis-

terio fiscal ou a acusación particular soliciten a apertura do xuízo oral, o xuíz de garda procederá conforme o previsto no punto 1 do artigo 783, resolvendo mediante auto o que proceda. Cando se acorde a apertura do xuízo oral, dictará en forma oral auto motivado, que deberá documentarse e non será susceptible de ningún recurso.

2. Aberto o xuízo oral, se non se constituíu acusación particular, o ministerio fiscal presentará de inmediato o seu escrito de acusación, ou formulará esta oralmente. O acusado, á vista da acusación formulada, poderá no mesmo acto presta-la súa conformidade de acordo co disposto no artigo seguinte. Noutro caso, presentará inmediatamente o seu escrito de defensa ou formulará esta oralmente, procedendo entón o xuíz de garda sen máis trámites á citación das partes para a celebración do xuízo oral.

Se o acusado solicitase a concesión dun prazo para a presentación de escrito de defensa, o xuíz fixará prudencialmente este dentro dos cinco días seguintes, atendidas as circunstancias do feito imputado e os restantes datos que se puxesen de manifesto na investigación, procedendo no acto á citación das partes para a celebración do xuízo oral e ó emprazamento do acusado e, se é o caso, do responsable civil para que presenten os seus escritos ante o órgano competente para o axuizamento.

3. O xuíz de garda fará o sinalamento para a celebración do xuízo oral na data máis próxima posible e, en calquera caso, dentro dos quince días seguintes, nos días e horas predeterminados para tal fin nos órganos xudiciais axuizadores. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do Poder Xudicial, dictará os regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co ministerio fiscal, dos sinalamentos de xuízos orais que realicen os xulgados de garda ante os xulgados do penal.

Tamén se acordará a práctica das citacións propostas polo ministerio fiscal, levándose a cabo no acto as que sexan posibles, sen prexuízo da decisión que sobre a admisión de probas adopte o órgano axuizador.

4. De se ter constituído acusación particular que solicitase a apertura do xuízo oral e así o acordase o xuíz de garda, este emprazará no acto aquela e o ministerio fiscal para que presenten os seus escritos dentro dun prazo improrrogable e non superior a dous días. Presentados estes escritos ante o mesmo xulgado, procederá este de inmediato conforme o disposto no punto 2.

5. Se o ministerio fiscal non presentar o seu escrito de acusación no momento establecido no punto 2 ou no prazo establecido no punto 4, respectivamente, o xuíz, sen prexuízo de emprazar en todo caso os directamente ofendidos e prexudicados coñecidos, nos termos previstos no punto 2 do artigo 782, requirirá inmediatamente ó superior xerárquico do fiscal para que, no prazo de dous días, presente o escrito que proceda. Se o superior xerárquico tampouco presentar o dito escrito en prazo, entenderase que non pide a apertura de xuízo oral e que considera procedente o sobreseimento libre.

6. Unha vez recibido o escrito de defensa ou precluído o prazo para a súa presentación, o órgano axuizador procederá conforme o previsto no punto 1 do artigo 785, salvo no previsto para o sinalamento e as citacións que xa se practicasen.

7. En todo caso, as partes poderán solicitar ó xulgado de garda, que así o acordará, a citación de testemuñas ou peritos que teñan a intención de propor para o acto do xuízo, sen prexuízo da decisión que sobre a admisión de probas adopte o órgano axuizador.

CAPÍTULO V

Do xuízo oral e da sentenza

Artigo 802.

1. O xuízo oral desenvolverase nos termos previstos polos artigos 786 a 788.

2. No caso de que, por motivo xusto, non se poida celebra-lo xuízo oral no día sinalado ou de que non poida concluírse nun só acto, o xuíz sinalará para a súa celebración ou continuación o día máis inmediato posible e, en todo caso, dentro dos quince seguintes, facéndoo saber ós interesados.

3. A sentenza dictarase dentro dos tres días seguintes á terminación da vista, nos termos previstos polo artigo 789.

CAPÍTULO VI

Da impugnación da sentenza

Artigo 803.

1. Fronte á sentenza dictada polo xulgado do penal poderán interporse recurso de apelación, que se substanciará conforme o previsto nos artigos 790 a 792, coas seguintes especialidades:

1.^a O prazo para presenta-lo escrito de formalización será de cinco días.

2.^a O prazo das demais partes para presentar escrito de alegacións será de cinco días.

3.^a A sentenza deberá dictarse dentro dos tres días seguintes á celebración da vista, ou ben dentro dos cinco días seguintes á recepción das actuacións, se non se celebrar vista.

4.^a A tramitación e resolución destes recursos de apelación terán carácter preferente.

2. Respecto das sentencias dictadas en ausencia do acusado aplicarase o disposto no artigo 793.

3. Tan pronto como a sentenza sexa firme procederase á súa execución, conforme as regras xerais e as especiais do artigo 794.»

Artigo terceiro.

Dáselle unha nova redacción ós artigos 962 a 971, 973, 974 e 976 da Lei de axuizamento criminal.

«Artigo 962.

1. Cando a policía xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada nos artigos 617 ou 620 do Código penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do mesmo código, así como no artigo 623.1 do Código penal cando sexa flagrante, o axuizamento do cal corresponda ó xulgado de instrucción ó que se debe entrega-lo atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda as persoas indicadas nos ordinais 3.^a e

4.^a do artigo 796. Ó face-la dita citación aperciábanse as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda. Así mesmo, serán aperciuidas de que poderá celebrarse o xuízo de faltas de forma inmediata no xulgado de garda, incluso aínda que non comparezan, e de que teñen que comparecer cos medios de proba de que intenten valerse. O denunciante e o ofendido ou prexudicado serán informados dos seus dereitos nos termos previstos no ordinal 1.^a do artigo 771.

2. A persoa denunciada será informada brevemente dos feitos en que consista a denuncia e do dereito mencionado no ordinal 2.^a do artigo 796. Esta información practicarase en todo caso por escrito.

3. Nestes casos, a policía xudicial fará entrega do atestado ó xulgado de garda, no que consten as dilixencias e citacións practicadas e, se é o caso, a denuncia do ofendido.

4. Para a realización das citacións a que se refire este artigo, a policía xudicial fixará a hora da comparecencia coordinadamente co xulgado de garda. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do Poder Xudicial, dictará os regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos xulgados de instrucción en relación coa práctica destas citacións, coordinadamente coa policía xudicial.

Artigo 963.

1. Recibido o atestado conforme o previsto no artigo anterior, se o xuíz de garda estima procedente a incoación de xuízo de faltas, decidirá a inmediata celebración do xuízo no caso de que comparecesen as persoas citadas ou de que, aínda non tendo comparecido algunha delas, o xulgado reputase innecesaria a súa presenza. Así mesmo, para acorda-la inmediata celebración do xuízo, o xulgado de garda terá en conta se ha de resultar imposible a práctica dalgún medio de proba que se considere imprescindible.

2. De acordo co disposto nos artigos 118 e 121, se algunha das partes quixer ser asistida de avogado de oficio, procederase á súa inmediata designación.

3. Para acorda-la celebración inmediata do xuízo de faltas, será necesario que o asunto lle corresponda ó xulgado de garda en virtude das normas de competencia e de repartición.

Artigo 964.

1. Nos supostos non recollidos polo artigo 962, cando a policía xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada no libro III do Código penal ou en leis especiais, formará de maneira inmediata o correspondente atestado que remitirá sen dilación ó xulgado de garda. Este atestado recollerá as dilixencias practicadas, así como o ofrecemento de accións ó ofendido ou prexudicado practicado conforme o ordinal 1.^a do artigo 771.

2. Recibido o atestado conforme o previsto no parágrafo anterior, e en todos aqueles casos en que o procedemento se iniciase en virtude de denuncia presentada directamente polo ofendido perante o órgano xudicial, o xulgado de garda celebrará de forma inmediata o xuízo de faltas se, estando identificado o denunciado, for posible citar todas as persoas que deban ser convocadas para que

comparezan mentres dure o servizo de garda e concorran o resto de requisitos esixidos polo artigo 963.

3. As citacións faranse ó ministerio fiscal, salvo que a falta sexa perseguible só por instancia de parte, ó querelante ou denunciante, se o houber, ó denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos. Ó practícalas citacións, apercibiranse as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda, serán informadas de que poderá celebrarse o xuízo aínda que non asistan, e indicaráselles que teñen que comparecer cos medios de proba de que se intenten valer. Así mesmo, practicaranse co denunciado as actuacións sinaladas no punto 2 do artigo 962.

Artigo 965.

1. Se non for posible a inmediata celebración do xuízo, o xulgado de garda seguirá as regras seguintes:

1.^a De estimar que a competencia para o axuízamento corresponde a un xulgado doutro partido xudicial ou a algún xulgado de paz do partido, remitiralle o actuado para que este proceda a realizalo sinalamento do xuízo e as citacións.

2.^a Se a competencia para o axuízamento corresponde ó propio xulgado de instrución de garda ou a outro xulgado de instrución do partido xudicial, procederá en todo caso ó sinalamento para a celebración do xuízo de faltas e ás citacións procedentes para o día máis próximo posible e, en calquera caso, nun prazo non superior a sete días. O sinalamento e as citacións faranse dentro dun prazo non superior a dous días cando se trate das faltas tipificadas nos artigos 617 ou 620 do Código penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do mesmo código, así como da falta tipificada no artigo 623.1 do Código penal, cando sexa flagrante.

As citacións faranse ó ministerio fiscal, salvo que a falta sexa perseguible só por instancia de parte, ó querelante ou denunciante, se o houber, ó denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos.

2. Cando o xuízo de faltas non se teña que celebrar perante o mesmo xulgado, este fará o sinalamento e as citacións para os días e horas predeterminados para tal fin nos órganos xudiciais axuízadores. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do Poder Xudicial, dictará os regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co ministerio fiscal, dos sinalamentos de xuízos de faltas que realicen os xulgados de garda para a súa celebración ante outros xulgados de instrución do mesmo partido xudicial.

Artigo 966.

Os sinalamentos e as citacións de xuízos de faltas faranse na forma e nos prazos previstos no artigo anterior, tamén nos casos en que non sexan realizados polo xulgado de garda.

Artigo 967.

1. Nas citacións que se lles efectúen ó denunciante, ó ofendido ou prexudicado e ó imputado para a celebración do xuízo de faltas, informará-

selles de que poden ser asistidos por avogado se o desexan e de que deberán acudir ó xuízo cos medios de proba de que se intenten valer. Á citación do imputado xuntaráse copia da querela ou da denuncia que se presentase.

2. Cando os citados como partes, as testemuñas e os peritos non comparezan nin aleguen xusta causa para deixaren de facelo, poderán ser sancionados cunha multa de 200 a 2.000 euros.

Artigo 968.

No caso de que por motivo xusto non poida celebrarse o xuízo oral no día sinalado ou de que non poida concluírse nun só acto, o xuíz sinalará para a súa celebración ou continuación o día máis inmediato posible e, en todo caso, dentro dos sete seguintes, facéndollelo saber ós interesados.

Artigo 969.

1. O xuízo será público, dando principio pola lectura da querela ou da denuncia, se as houber, seguindo a isto o exame das testemuñas convocadas, e practicándose as demais probas que propoñan o querelante, o denunciante e o fiscal, se asistir, sempre que o xuíz as considere admisibles. A querela deberá reuni-los requisitos do artigo 277, salvo que non necesite sinatura de avogado nin de procurador. Seguidamente, oírase o acusado, examínanse as testemuñas que presente no seu descargo e practicaranse as demais probas que ofrezca e foren pertinentes, observándose as prescricións desta lei en canto sexan aplicables. De seguido, exporán de palabra as partes o que crean conveniente en apoio das súas respectivas pretensións, falando primeiro o fiscal, se asistir, despois o querelante particular ou o denunciante e, por último, o acusado.

2. O fiscal asistirá ós xuízos sobre faltas sempre que sexa citado a eles. Sen embargo, o fiscal xeral do Estado impartirá instrucións sobre os supostos nos que, en atención ó interese público, os fiscais poderían deixar de asistir ó xuízo, cando a persecución da falta esixa a denuncia do ofendido ou prexudicado. Neses casos, a declaración do denunciante no xuízo afirmando os feitos denunciados terá valor de acusación, aínda que non os cualifique nin sinale pena.

Artigo 970.

Se o denunciado reside fóra da demarcación do xulgado, non terá obriga de concorrer ó acto do xuízo, e poderá dirixir ó xuíz escrito alegando o que estime conveniente na súa defensa, así como apoderar a avogado ou procurador que presente naquel acto as alegacións e as probas de descargo que tiver.

Artigo 971.

A ausencia inxustificada do acusado non suspenderá a celebración nin a resolución do xuízo, sempre que conste que foi citado coas formalidades prescritas nesta lei, a non ser que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, crea necesaria a declaración daquel.»

«Artigo 973.

1. O xuíz, no acto de finaliza-lo xuízo, e a non ser posible dentro dos tres días seguintes, dictará sentenza apreciando, segundo a súa conciencia,

as probas practicadas, as razóns expostas polo fiscal e polas demais partes ou os seus defensores e o manifestado polos propios acusados, e sempre que faga uso do libre arbitrio que para a cualificación da falta ou para a imposición da pena lle outorga o Código penal, deberá expresar se tomou en consideración os elementos de xuízo que o precepto aplicable daquel obrigue a ter en conta.

2. A sentenza notificaráselles ós ofendidos e prexudicados pola falta, aínda que non se mostrasen parte no procedemento. Na notificación faranse constar os recursos procedentes contra a resolución comunicada, así como o prazo para a súa presentación e o órgano xudicial ante o que deba interporse.

Artigo 974.

1. A sentenza levarase a cabo inmediatamente transcorrido o termo fixado no parágrafo terceiro do artigo 212, se non apelou ningunha das partes e transcorreu, tamén, o prazo de impugnación para os ofendidos e prexudicados non comparecidos no xuízo.

2. Se na sentenza se condenou ó pagamento da responsabilidade civil, sen fixa-lo seu importe en cantidade líquida, aplicarase o que dispón o artigo 984.»

«Artigo 976.

1. Contra a sentenza poderá apelarse no prazo dos cinco días seguintes ó da súa notificación. Durante este período estarán as actuacións na secretaría á disposición das partes.

2. O recurso formalizarase e tramitarase conforme o disposto nos artigos 790 a 792.

3. A sentenza de apelación notificaráselles ós ofendidos e prexudicados pola falta, aínda que non se mostrasen parte no procedemento.»

Artigo cuarto.

Dáselle unha nova redacción ós seguintes artigos da Lei de axuízamento criminal:

1. O ordinal 5.º do parágrafo segundo do artigo 175 pasa a te-la seguinte redacción:

«5.º A obriga, se a houber, de concorrer ó primeiro chamamento, baixo a multa de 200 a 5.000 euros; ou se for xa o segundo o que se fixer, a de concorrer baixo apercibimento de ser perseguido como reo do delito de obstrucción á xustiza tipificado no artigo 463.1 do Código penal.»

2. O parágrafo primeiro do artigo 420 pasa a te-la seguinte redacción:

«O que sen estar impedido non concorrer ó primeiro chamamento xudicial, excepto as persoas mencionadas no artigo 412, ou se resistir a declara-lo que soubese acerca dos feitos sobre os que fose preguntado, a non estar comprendido nas exencións dos artigos anteriores, incorrerá na multa de 200 a 5.000 euros, e se persistir na súa resistencia será conducido no primeiro caso á presenza do xuíz instructor polos axentes da autoridade, e perseguido polo delito de obstrucción á xustiza tipificado no artigo 463.1 do Código penal, e no segundo caso será tamén perseguido polo de desobediencia grave á autoridade.»

3. O parágrafo primeiro do artigo 446 pasa a te-la seguinte redacción:

«Terminada a declaración, o xuíz instructor fará saber á testemuña a obriga de comparecer para declarar de novo ante o tribunal competente cando se lle cita para iso, así como a de pór en coñecemento do dito xuíz instructor os cambios de domicilio que fixer ata ser citado para o xuízo oral, baixo apercibimento de non o cumpre de ser castigado cunha multa de 200 a 1.000 euros, a non ser que incorrese en responsabilidade criminal pola falta.»

4. O parágrafo segundo do artigo 464 pasa a te-la seguinte redacción:

«O perito que, estando comprendido nalgún dos casos do dito artigo, preste o informe sen pór antes esa circunstancia en coñecemento do xuíz que o nomeou incorrerá na multa de 200 a 5.000 euros, a non ser que o feito dese lugar a responsabilidade criminal.»

5. O parágrafo primeiro do artigo 716 pasa a te-la seguinte redacción:

«A testemuña que se negue a declarar incorrerá na multa de 200 a 5.000 euros, que se impondrá no acto.»

6. O parágrafo primeiro do artigo 436 pasa a te-la seguinte redacción:

«A testemuña manifestará primeiramente o seu nome, apelidos paterno e materno, idade, estado e profesión, se coñece ou non o procesado e as demais partes, e se ten con eles parentesco, amizade ou relacións de calquera outra clase, se estivo procesado e a pena que se lle impuxo. Se a testemuña fose membro das forzas e corpos de seguridade no exercicio das súas funcións, será suficiente para a súa identificación o número do seu rexistro persoal e a unidade administrativa á que está adscrito.»

Artigo quinto.

1. O parágrafo segundo do artigo 282 da Lei de axuízamento criminal pasa a te-la seguinte redacción:

«Se o delito fose dos que só poden perseguirse por instancia de parte lexítima, terán a mesma obriga expresada no parágrafo anterior, se son requiridos para o efecto. A ausencia de denuncia non impedirá a práctica das primeiras dilixencias de prevención e aseguramento dos delitos relativos á propiedade intelectual e industrial.»

2. O parágrafo terceiro do artigo 661 da Lei de axuízamento criminal pasa a te-la seguinte redacción:

«Se voltos a citar deixaren tamén de comparecer, serán procesados polo delito de obstrucción á xustiza, tipificado no artigo 463.1 do Código penal.»

Disposición adicional primeira.

1. O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, ou os consellos de goberno das comunidades autónomas con competencia na materia, no prazo de seis meses

ó

a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado», adoptarán as medidas necesarias para:

- a) Adapta-los efectivos e os medios materiais dos xulgados de garda ás necesidades desta lei.
- b) Adecua-la estrutura de corpo médico forense ás previsións desta lei.
- c) Adecua-la actuación dos organismos oficiais encargados de practicar análises e investigacións toxicolóxicas, así como a doutras entidades, profesionais ou expertos que poidan ser requiridos de forma permanente ou ocasional para presta-la súa asistencia á Administración de xustiza ás necesidades que resulten da aplicación desta lei.

2. No mesmo prazo, o Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, adoptará as medidas necesarias para adecua-la estrutura do ministerio fiscal ás previsións desta lei.

3. As administracións públicas e os colexios profesionais facilitarán periodicamente ás salas de goberno dos Tribunais Superiores de Xustiza, á policía xudicial e ás distintas forzas e corpos de seguridade unha relación dos servizos de intérpretes, peritos e técnicos á disposición dos servizos de garda.

4. No prazo de seis meses, o Consello Xeral do Poder Xudicial dictará os regulamentos que para a ordeación dos sinalamentos de xuízos e o desenvolvemento dos servizos de garda establecen os artigos 796.2, 800.3, 962.4 e 965.2 da Lei de axuízamento criminal.

Disposición adicional segunda.

O punto 1 do artigo 21 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, terá a seguinte redacción:

«O Goberno, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e co informe previo das comunidades autónomas con competencias transferidas en materia de xustiza, poderá establece-la separación entre xulgados de primeira instancia e xulgados de instrucción naqueles partidos xudiciais nos que o número de xulgados de primeira instancia e instrucción así o aconselle.»

Disposición adicional terceira.

1. O artigo 9 da Lei de axuízamento criminal queda redactado da seguinte maneira:

«Os xuíces e tribunais que teñan competencia para coñecer dunha causa determinada, terana tamén para tódalas súas incidencias, para levar a cabo as providencias de tramitación e para a execución das sentencias, sen prexuízo do disposto no artigo 801.»

2. O artigo 14, terceiro, da Lei de axuízamento criminal queda redactado da seguinte maneira:

«Para o coñecemento e sentencia das causas por delitos ós que a lei sinala pena privativa de liberdade de duración non superior a cinco anos ou pena de multa calquera que sexa a súa contía, ou calquera outra de distinta natureza, ben sexan únicas, conxuntas ou alternativas, sempre que a duración destas non exceda de dez anos, así como por faltas, sexan ou non incidentais, imputables ós autores destes delitos ou a outras persoas, cando

a comisión da falta ou a súa proba estivesen relacionadas con aqueles, o xuíz do penal da circunscrición onde o delito foi cometido ou o xuíz central do penal no ámbito que lle é propio, sen prexuízo da competencia do xuíz de instrucción de garda do lugar de comisión do delito para dictar sentenza de conformidade, nos termos establecidos no artigo 801.

Non obstante, nos supostos de competencia do xuíz do penal, se o delito for dos atribuídos ó tribunal do xurado, o coñecemento e sentencia corresponderá a este.»

Disposición adicional cuarta.

No prazo de seis meses contado desde a data de entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei de modificación da regulación da prisión provisional.

Disposición transitoria primeira.

Os procesos incoados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse conforme as normas procesuais vixentes con anterioridade a ela.

Disposición transitoria segunda.

O réxime de recursos previsto nesta lei aplicarase ás resolucións xudiciais que se dicten con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogados os artigos 1 a 5 da Lei 62/1978, de 26 de decembro, de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa.

2. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira.

Modifícase a redacción dos artigos da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, que a continuación se citan:

1. O punto cuarto do artigo 32 queda redactado da forma seguinte:

«Se é o caso, poderá o xuíz ordena-la acomodación ó procedemento que corresponda cando non fose aplicable ó regulado nesta lei. Se considera que o que corresponde é o regulado no título II do libro IV da Lei de axuízamento criminal, acordará a apertura do xuízo oral, se a estima procedente, e remitirá a causa á Audiencia Provincial ou ó xuíz do penal competente para que prosigan o coñecemento da causa nos termos dos artigos 785 e seguintes da dita lei.»

2. O punto segundo do artigo 48.2 queda redactado na forma seguinte:

«O maxistrado-presidente requirirá ás partes nos termos previstos no punto 3 do artigo 788 da Lei de axuízamento criminal, aplicándose, se é o caso, o disposto no punto 4 do citado precepto.»

Disposición derradeira segunda.

Modifícase a redacción do artigo 435 da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar:

«No escrito de denuncia deberán exporse con claridade os feitos que a motivan, persoa ou persoas contra quen se dirixe e presunta responsabilidade penal en que se considera que se incorreu.

A denuncia, segundo a natureza do delicto imputado, xuntaranse os documentos a que se refiren os parágrafos seguintes. Cando non se poidan presentar, manifestarase a oficina ou arquivo xudicial en que se encontran os autos orixinais. Tamén se xuntarán as listas de testemuñas e designaranse as dilixencias das actuacións que, se é o caso, deban ser compulsadas.

Se a responsabilidade criminal que se intente esixir for por algún dos delitos de prevaricación relativos a sentencias inxustas, presentarase co escrito a copia certificada da sentenza, auto ou providencia inxusta. Farase ademais no escrito expresión das dilixencias da causa que deban compulsarse para comproba-la inxustiza da sentenza, auto ou providencia que dea ocasión ó antexuízo.

Se a responsabilidade for por razón de retardo malicioso na administración de xustiza ou negativa inxustificada a xulgar, xuntaranse co escrito:

a) As copias dos presentados despois de transcorrido o termo legal, se a lei o fixase, para a resolución ou decisión da pretensión xudicial, expediente ou causa pendente, pedindo calquera dos interesados ó xuíz ou tribunal que deles coñeza que os resolva ou decida conforme dereito.

b) A certificación do auto ou providencia dadas polo xuíz ou tribunal denegando a petición por escuridade, insuficiencia ou silencio da lei, ou a que acredite que o xuíz ou tribunal deixou transcorrer quince días desde a petición ou desde a última, se se lle presentou máis dunha, sen ter resolvido ou decidido os autos, nin se ter consignado neles e notificado ás partes a causa lexítima que llo impediú.

Se a responsabilidade for por razón de calquera outro delicto cometido polo xuíz ou maxistrado no exercicio das súas funcións, presentarase co escrito de querela o documento que acredite a perpetración do delicto ou, no seu defecto, a lista das testemuñas formada do modo previsto no artigo 656 da Lei de axuízamento criminal.

Se o que promover o antexuízo por calquera dos delitos expresados nos parágrafos anteriores non puiden obterse os documentos necesarios, presentará, polo menos, o testemuño da acta notarial levantada, para facer constar que os reclamou ó xuíz ou tribunal que debería telos facilitado ou mandar expedilos.»

Disposición derradeira terceira.

Esta lei entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

20855 LEI 39/2002, do 28 de outubro, de transposición ó ordenamento xurídico español de diversas directivas comunitarias en materia de protección dos intereses dos consumidores e usuarios. («BOE» 259, do 29-10-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nos últimos anos a Comunidade Europea impulsou unha ambiciosa política de protección dos intereses dos consumidores e usuarios. A construción efectiva do mercado interior, así como o seu bo funcionamento, require normas comúns de protección dos consumidores nun espazo europeo sen fronteiras interiores, no que as persoas, as mercadorías, os capitais e os servizos circulan libremente.

Por isto, aprobáronse numerosas directivas referidas a dous ámbitos normativos que, sendo distintos en varios aspectos, teñen como elemento común a súa directa conexión cos dereitos dos consumidores e usuarios: o ámbito dos contratos de adhesión, por unha parte, e o da actividade publicitaria, por outra. Así, e sen pretensión de ser exhaustivos, aprobáronse directivas comunitarias referentes á publicidade dos medicamentos, á radiodifusión televisiva, ás cláusulas abusivas nos contratos suscritos con consumidores, ás viaxes combinadas ou ó crédito ó consumo, entre outras.

Sen embargo, a Comunidade considerou que os mecanismos actualmente existentes para garanti-lo cumprimento destas directivas non sempre permiten poñer fin ó seu debido tempo ás infraccións prexudiciais para os intereses colectivos dos consumidores.

Por outro lado, é ben certo que a eficacia das medidas nacionais de transposición destas directivas pode verse mitigada cando as prácticas ilícitas que se perseguen producen o seu efecto nun Estado membro distinto daquel no que se orixinaron, co prexuízo que isto implica para o bo funcionamento do mercado interior. En conclusión, é necesario aproxima-las disposicións nacionais que permiten facer cesar tales prácticas ilícitas.

Así, o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron a Directiva 98/27/CE, do 19 de maio de 1998, relativa ás accións de cesación en materia de protección dos intereses dos consumidores, directiva que esta lei transpón ó ordenamento xurídico español, en exercicio das competencias que a Constitución lle atribúe ó Estado no seu artigo 149.1.6.^a e 8.^a

Para levar a termo esta transposición modifícanse a Lei de axuízamento civil, as leis substantivas que regulan os ámbitos sectoriais nos que a Directiva 98/27/CE demanda a introducción do instrumento da acción colectiva de cesación e, finalmente, normalízase a cuestión das entidades españolas habilitadas noutros estados membros da Comunidade Europea para o exercicio da acción de cesación. Existe un ámbito substantivo no que a Directiva 98/27/CE obriga a introduci-la acción colectiva de cesación que non foi recollida plenamente nesta lei: o de servizos da sociedade da información e comercio electrónico (Directiva 2000/31/CE). A modificación que esta lei instrumenta na de axuízamento civil esta-